

Asunto: Sorteo candidatos a xurado.

A Lei Orgánica 5/1995 do Tribunal do Xurado, de 22 de maio, mailo Real Decreto 1398/1995, de 4 de agosto, modificado polos Reais Decretos 2067/1996, de 13 de setembro, e 1271/2012, de 31 de agosto, establecen o procedemento legal para a formación de candidatos a xurados sobre a base do censo electoral vixente.

Para o seu cumprimento, a Delegación Provincial da Oficina do Censo Electoral da Coruña ven de determinar que o sorteo para a formación destas listas se leve a cabo o **vindeiro 24 de setembro, ás 12:00 horas** na Sala de Xuntas da Oficina do Censo Electoral (R/ Adelaida Muro, 12, 15002 A Coruña).

A lista do censo electoral vixente do Concello de Curtis, permanecerá exposta ao público en soporte informático nas Oficinas de Estatística deste Concello, onde poderá ser consultada en horario de 8:30 a 14:30 horas entre os días **10 e 18 de setembro de 2026.**